

# Aborto libre e garantido na sanidade pública



O 28 de setembro é o Día de Acción Global polo Acceso ao Aborto Legal e Seguro. Desde a Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres reivindicamos a necesidade de facer efectiva a interrupción voluntaria do embarazo en Galiza na sanidade pública.

Este dereito que foi conquistado polo movemento feminista no ano 2010, hai 13 anos, volve estar en perigo no noso país. Non é a primeira vez que isto acontece desde a aprobación da lei do 2010, para o movemento feminista galego o dereito ao aborto foi unha constante en disputa, primeiro co Partido Popular de Feijóo e agora, co de Rueda.

Son coñecidos por todas os innumerábeis intentos de desmantelamento da sanidade pública por parte do Partido Popular. levamos anos denunciando a imposibilidade de realizar todos os tipos de interrupcións voluntarias de embarazo nas diferentes áreas sanitarias, o desmantelamento dos centros Quérote+, dos CIMM e o financiamento público da derivación destas intervencións á sanidade privada.

Hai menos dun mes sinalabamos como as políticas da Xunta de Galiza agravan a saúde das mulleres. Políticas como a licitación de convenios para a derivación de abortos con clínicas privadas por 1,4 millóns de euros que poderán chegar aos 2,5 millóns.

Así, o dereito ao aborto seguro e na sanidade pública é aínda hoxe unha conquista pendente en Galiza. A administración pública debe contar con recursos suficientes na rede sanitaria pública galega para facer efectivo este dereito e non favorecer que as IVEs se convirtan nun negocio máis para as clínicas privadas, financiadas cos cartos de todas.

Non pode ser que non consigamos garantir as interrupcións voluntarias do embarazo nas nosas áreas sanitarias pola incompetencia da Xunta de Galiza e a súa xestión nefasta do SERGAS e que, aínda por riba, os concertos que nos custan millóns obriguén, en moitos casos, a termos que nos desprazar tamén fóra da nosa área sanitaria, tendo que dispór dun medio de transporte axeitado e co conseguinte risco despois dunha intervención destas características. Aliás, a consideración das autoridades sanitarias da interrupción do embarazo como un procedemento menor sen riscos é un claro desprezo a nosa saúde. A práctica abortiva non está exenta de riscos e repercusións nos nosos corpos ás que cómpre prestar atención.

Tampouco a obxección de conciencia do persoal sanitario pode ser motivo para que a sanidade pública non conte con persoal suficiente para garantir as intervencións. Ben mellor sería destinar os recursos cos que se dotan os convenios da privada a cubrir as necesidades da pública.

Hoxe, 28 de setembro, o movemento feminista galego sigue a reclamar o dereito ao aborto libre, seguro, universal e gratuito na sanidade pública galega, demandamos da Xunta de Galiza que garanta:

- Unha materia no ensino obrigatorio con contidos específicos sobre educación afectiva-sexual, relacionamentos, identidade e xéneros.
- A creación dunha liña de programas de formación e divulgación sobre dereitos sexuais e reprodutivos a través dos CIMM e en colaboración coas entidades locais.
- Campañas específicas de acceso a anticonceptivos e programas de educación afectiva-sexual a través dos centros Quérote+.
- O incremento do número de matronas na sanidade pública.

**Dereito ao aborto garantido na pública XA!** *Seguiremos en marcha até que todas sexamos libres.*

